



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de Convivencia

CIFP: Ferrolterra

Curso: 2023_2024

Data: 31/10/2023



1. Índice

1. Contextualización	3
2. Obxectivos do plan derivados do análise previo	4
2.1 Obxectivos específicos a desenvolver:.....	5
2.2 Actuacións, medidas ou programas	5
3. Normas de convivencia e concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa	6
3.1. Protocolo interno ante condutas contrarias ás normas de convivencia e correccións ao incumprimento.	6
4. Estratexias de difusión do plan	9
5. Seguimento e avaliación do Plan e conclusións e propostas de mellora do Plan	9

2. Contextualización

1) Contexto:

O alumnado provén fundamentalmente de Ferrol e comarca.

O nivel académico previo do alumnado dos Ciclos Medios non é moi elevado, ademais unha parte significativa, acceden aos ciclos a través das probas de acceso ou FPB. Os alumnos dos ciclos superiores veñen con perspectivas máis claras e máis interese e obteñen mellores resultados.

Maioritariamente son homes, aínda que a presenza feminina aumenta de xeito progresivo.

A comarca está moi vinculada ao sector naval (Navantia) e os estaleiros, industrias auxiliares do sector naval, a actividade portuaria e ao exercito. Dende o centro se aprecia unha mellora no mercado laboral da contorna das especialidades técnicas que se imparten para o alumnado máis novo, non sendo así para o de maior idade

2) Análise da situación de partida:

Os conflitos na súa maioría prodúcense en FP Básica especialmente no primeiro curso. No segundo curso esta conflictividade redúcese de forma importante. O profesorado do centro considera que os problemas de disciplina no centro son pouco frecuentes, e cando se producen, só unha porcentaxe moi baixa posúe un carácter que poida ser considerado como preocupante ou grave.

As incidencias máis comúns son:

- Falar cos compañeiros/as durante as explicacións do profesor/a.
- Distraccións na clase mentres se explica ou traballa (debuxando, ou xogando).
- Uso inadecuado do móbil na aula.
- Non cumprir as tarefas encomendadas.
- Agresións verbais (insultos) ou físicas (de carácter leve) entre o alumnado.
- Agresións verbais ao profesorado e desafíos a súa autoridade.
- Agresións ao mobiliario do centro (portas, mesas, pechaduras, taquillas, etc.).
- Facer caso omiso das indicacións do profesorado.
- Saír do recinto escolar durante o horario lectivo (menores de idade).
- Produción de danos materiais.
- Faltas de respecto ao profesorado.
- Faltas recorrentes de puntualidade, sobre todo a primeira hora da mañá.
- Absentismo escolar.

A información propia en materia de convivencia recóllese fundamentalmente a través do buzón de SQR do SXC e a través dos partes de incidencias que chegan mediante a aplicación de incidentes de convivencia. Para o curso anterior esta información foi:

Curso 2022-2023. Fonte: Rexistro de Incidencias do centro		
Descrición da incidencias mais frecuentes	GRUPO	Nº
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes ou Estudantes de que teñen algún problema de relación con outros estudantes Inadecuada utilización de medios de comunicación (teléfonos móbiles na aula)	BCM1	67
	BCM2	4
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes	BELE1	91
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes	BELE2	7
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes	MCM1 MIE1 MPCD2 MSC567	1
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes	MIT1	4
Inadecuada utilización de medios de comunicación (teléfonos móbiles na aula)	MME1	1
Docentes que se queixan do comportamento de algúns estudantes ou Estudantes de que teñen algún problema de relación con outros estudantes Inadecuada utilización de medios de comunicación (teléfonos móbiles na aula)	MSC1	8

Creouse un rexistro de incidencias na convivencia a través da páxina web do centro, onde as persoas que interveñen nos conflitos (Dirección, Xefatura de Estudos e Orientación) rexistran as incidencias que atenden, e esta información chega automaticamente aos correos de todo o equipo directivo, orientación e titores das equipas docentes.

Este rexistro ten unha dobre funcionalidade: ter no centro un rexistro das incidencias eficaz e servir de canle de coordinación-comunicación entre as persoas encargadas da dinamización da convivencia no centro.

3) Proposta de mellora:

A nivel informático sería desexable que a aplicación exportara algúns datos de xeito agrupado para facer análises mais doadamente. Valorarase co informático o custe desta mellora.

3. Obxectivos do plan derivados do análise previo

Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011. Os obxectivos xerais tal e como se recollen no decreto son:

a) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilízalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

2.1 Obxectivos específicos a desenvolver:

Obxectivo 1 : Formación en convivencia e actividades transversais afines

- Promover actividades formativas encamiñadas á mellora de convivencia escolar.
- Dar continuidade as accións que na actualidade melloran as relacións entre o noso alumnado (Igualdade, biblioteca, plan director).

Obxectivo 2 : Mellorar a información das normas, e as canles de convivencia

- Intensificar o proceso de información das normas de convivencia do centro nas guías de alumnado e informar das novas canles de comunicación.

2.2 Actuacións, medidas ou programas

Obxectivo 1 : Formación en convivencia e actividades transversais afines

Medidas ou Accións	Responsable	Temporalización
Actividades formativas encamiñadas á mellora de convivencia escolar (ACF). Este curso levarase a cabo a través do PFPP un grupo de traballo sobre habilidades sociemocionais co alumnado de FPB na titoría.	DIOP, Biblioteca, Titores, Comisión Convivencia, Coordinador igualdade	Durante todo o curso

Obxectivo 2 : Mellorar a información das normas, e as canles de convivencia		
Medidas ou Accións	Responsable	Temporalización
Intensificar a información das normas de convivencia do centro nas guías de alumnado e informar das novas canles de comunicación.	Responsable Calidade, Vicedirección, Tutores	Durante todo o curso (especialmente a inicios de curso).

4. Normas de convivencia e concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.

Recóllense nas Normas de Organización e funcionamento do Centro (N.O.F). do centro estando a disposición de tódolos membros da comunidade educativa nas guías de alumnado e na páxina web do centro, no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpferrolterra/node/1278>

3.1. Protocolo interno ante condutas contrarias ás normas de convivencia e correccións ao incumprimento.

As condutas contrarias á convivencia así como a súa gradación e procedementos correctores están tipificadas no apartado 4.4 do NOF:

O alumnado que interrompe ou ten unha conducta desadaptativa durante o desenvolvemento das clases (condutas leves) é derivado a biblioteca polo profesor/a de aula (tempo fóra ou privación de reforzo social). O profesor/a que decide derivalo á biblioteca ten que:

- 1º) Definir o incidente no rexistro interno de incidente. (ANEXO I)
- 2º) Enviar ao alumno a biblioteca con tarefas de clase.
- 3º) Rexistrar falta de asistencia do alumno/a (o titor/a xustificará a falta tras comprobar que o alumno/a estivo na biblioteca no período indicado).

PROTOCOLO ACTUACIÓN ANTE FALTAS DE CONDUCTA		
Conductas contrarias a convivencia	Responsables	Medidas correctoras Decreto 8/2015
3 expulsións da aula (derivación a biblioteca por condutas disruptivas na aula de tipo leve)	Titor/a do grupo rexistra 1 parte leve no XADE.	Art. 43.a) Amonestación privada ou por escrito.



<p>3 partes de conducta leve no XADE</p>	<p>Xefe de estudos tramita privación de asistencia a clase. XE, titor/a e orientación deciden a duración do tempo de privación. Entre 1 ou 2 días dependendo da gravidade dos feitos.</p>	<p><i>Art.43.b)Comparecencia inmediata ante Xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes.</i></p> <p><i>Art. 43.g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos.</i></p> <p>1 ou 2 días dependendo da gravidade dos feitos.</p> <p>Poderá aplicarse calquera das outras medidas do: <i>Art.43.(traballos específicos en horario lectivo, realización de tarifas que contribúan á mellora e desenvolvemento en actividades do centro ou suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ata dúas semanas).</i></p>
<p>6 partes de conducta leves no XADE</p>	<p>Xefatura de estudos tramita a privación de asistencia a clase.</p>	<p><i>Art.43.b)Comparecencia inmediata ante Xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes.</i></p> <p><i>Art. 43.g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos.</i></p> <p>3 días</p>
<p>7 partes de conducta leves no XADE</p> <p>o</p> <p>1 partes de conducta gravemente perxudiciais</p>	<p>Dirección, Xefatura de Estudos, Instructor/a do caso, titor/a.</p>	<p>Incoación do procedemento de corrección (expediente disciplinario con opción a procedemento conciliado):</p> <p><i>Art.39.d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período entre 4 días lectivos e un mes. Durante este tempo o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i></p> <p>Poderá aplicarse calquera das outras medidas do Art.39. <i>(realización dentro ou fóra do horario de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro, suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes, cambio de grupo, cambio de centro)</i></p>



10 partes de conducta leves no XADE	Dirección, Xefatura de Estudos, Instructor/a do caso, titor/a.	Incoación do procedemento de corrección (expediente disciplinario)
12 partes de conducta leves en XADE	Dirección, Xefatura de Estudos, Instructor/a do caso, titor/a.	Incoación do procedemento de corrección (expediente disciplinario)
13 partes de conducta en XADE y sucesivos de 1 en 1.	Dirección, Xefatura de Estudos, Instructor/a do caso, titor/a.	Incoación do procedemento de corrección (expediente disciplinario)

As condutas leves (expulsións de aula a biblioteca) terán unha caducidade de 15 días dende a última falta, sempre e cando o alumno non volva a reincidir en ese período de tempo.

O resto de faltas serán as estipuladas por a normativa e terán unha caducidade de 1 mes dende a última falta, sempre e cando o alumno non volva a reincidir en ese período de tempo.

En este caso a prescripción da falta ten un carácter reeducador (ofrecendo ao alumno/a a posibilidade de corrixir a conducta).

As familias recibirán a información dos partes de conducta-XADE a través de ABALAR. Ademais, cando existan condutas contrarias á convivencia reiteradas no tempo, cando implican a apertura de expediente e/ou cando aparezan condutas gravemente praxudiciais para a convivencia, as familias serán convocadas a unha reunión. Esta convocatoria contará coa presenza do titor/a do alumno/a e un membro do equipo directivo e/ou orientación, e ten como obxectivo analizar as causas do comportamento do alumno/a, definir acordos conxuntos e/ou iniciar medidas correctoras.

Nas reunións mensuais de equipo docente (especialmente nos casos dos ciclos formativos de grao básico) analizarse a convivencia e clima de aula e adoptaranse acordos comúns para mellorar a convivencia na aula.

Calquera membro da comunidade educativa (ou externa a ela), que teña sospeita ou coñecemento dunha situación de acoso, debe notificar por escrito a situación ante a dirección do centro. Existe unha canal confidencial na marxe dereita da páxina web do centro, onde calquera membro da comunidade educativa pode denunciar de forma anónima unha situación de acoso escolar. Os titores/as de cada grupo darán difusión do mesmo ao inicio de curso.

No caso de detectar posibles situacións de acoso, iniciarase a apertura do “Protocolo de prevención, detección y tratamento do acoso escolar y do ciberacoso” establecido na nosa CCAA.

5. Estratexias de difusión do plan

O plan de convivencia está dispoñible na páxina web, e informárase nas reunións de inicio de curso polos titores. Pódese atopar no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpferrolterra/node/1278>

6. Seguimento e avaliación do Plan e conclusións e propostas de mellora do Plan

Obxectivo	Indicador /Medición	Criterio de aceptación	Valor acadado ou cumprimento
Realizar actividades formativas encamiñadas á mellora de convivencia escolar (ACF).	Nº de actividades realizadas e grado de satisfacción nas enquisas de valoración da eficacia da acción formativa	Nº de actividades >=3 Grado Satisfacción >=3	
Informar das normas de convivencia do centro nas guías de alumnado e informar das novas canles de comunicación.	SI/NON	SI	
Rexistrar incidentes de convivencia e realizar seguimento.	SI/NON	SI	
Diseñar e aplicar unha enquisa sobre propostas de mellora para a convivencia (dirixida a profesorado e alumnado).	SI/NON	SI	

Na memoria do Plan de convivencia, recolleranse as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta os resultados das enquisas, o intercambio nominal cos docentes e alumnado do centro e o rexistro de incidencias.